DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 249 Venres, 30 de decembro de 2011 Páx. 40692

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

## PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

*LEI 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.*

### Exposición de motivos

I

Os orzamentos requiren, para a súa completa aplicación, a adopción de diferentes medidas, unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo, que pola súa natureza deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais senón en leis específicas.

O debate doutrinal verbo da natureza das chamadas «leis de acompañamento» foi resolto polo Tribunal Supremo, que configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.

Desde esta perspectiva, tendo presente a actividade que desenvolve a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos obxectivos se determinan na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2012, e co obxecto de contribuír a unha maior eficacia e eficiencia destes, esta lei contén un conxunto de medidas referidas a diferentes áreas de actividade que, con vocación de permanencia no tempo, contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Este é o fin dunha norma cuxo contido esencial o constitúen as medidas de natureza tributaria, aínda que tamén se incorporan outras de natureza administrativa.

II

Esta norma legal contén dous títulos: o primeiro dedicado ás medidas fiscais e o segundo, ás medidas de carácter administrativo. O título I consta de dous capítulos: o primeiro relativo aos tributos cedidos e o segundo, aos tributos propios. O título II consta de seis capítulos, dedicados, respectivamente, ao réxime financeiro e orzamentario, ás subvencións, ao xogo, ao medio ambiente, á ordenación farmacéutica e á saúde. Tamén contén dúas disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e catro disposicións derradeiras.

CVE-DOG: mlumzwg6-x3p3-ygk6-c0o9-zfor1cvdzb81

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

cas autonómicas que dean lugar a réximes particulares de xestión, tanto polas entidades ás que se refire a alínea 1 do artigo 82 bis desta lei coma por calquera outra que reciba subvencións de explotación e de capital, avais ou outra achega de natureza distinta con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, estableceranse, polo menos, as correspondentes cláusulas sobre as seguintes materias:

a) Hipóteses macroeconómicas e sectoriais que sirvan de base ao acordo.

b) Obxectivos da política de persoal, rendibilidade, produtividade ou reestruturación técnica da explotación económica, así como métodos indicadores de avaliación daqueles.

c) Achegas con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nas distintas modalidades ás que se refire esta alínea.

d) Medios que se deben empregar para adaptar os obxectivos acordados ás variacións habidas no respectivo ámbito económico.

e) Efectos que deriven do incumprimento dos compromisos acordados.

f) Control, pola Consellería de Facenda, da execución do convenio e dos resultados derivados da súa aplicación.

2. O control anterior non excluirá o que poida corresponder aos respectivos departamentos ou organismos dos que dependan as entidades que subscribisen o correspondente convenio ou ás comisións de seguimento, no caso dos contratos programa.

3. A subscrición do convenio ou contrato programa ao que se refiren as alíneas anteriores non excluirá a elaboración, de forma coherente con eles, do orzamento de explotación e de capital e do plan de actuación, investimentos e financiamento (PAIF)».

CAPÍTULO II

**Subvencións**

Artigo 18. *Ámbito de aplicación.*

Modifícase a letra b) da alínea 1 do artigo 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que queda redactado como segue:

«b) Os organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas, as entidades públicas empresariais e os consorcios autonómicos».

CVE-DOG: mlumzwg6-x3p3-ygk6-c0o9-zfor1cvdzb81

Artigo 19. *Xustificación das subvencións.*

Modifícase a alínea 5 do artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que queda redactado como segue:

«5. Nas subvencións concedidas a outras administracións públicas ou a entidades vinculadas ou dependentes daquelas e ás universidades, a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. Non obstante, para aquelas axudas e subvencións que se concedan con cargo a créditos financiados con recursos procedentes da Unión Europea, a xustificación dos gastos efectuarase con facturas ou con documentos contables de valor probatorio equivalente, e a do pagamento, cos xustificantes das transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagamentos realizados, de acordo coa normativa contida nos regulamentos aplicables aos fondos europeos».

Artigo 20. *Gastos subvencionables.*

Modifícase a alínea 3 do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención».

CAPÍTULO III
**Xogo**

Artigo 21. *Concepto de xogo.*

Modifícase o artigo 2 da Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, que queda redactado como segue:

«Artigo 2.

Enténdese por xogo ou aposta, para os efectos desta lei, calquera actividade, dependente da destreza ou do azar, mediante a que se arrisquen cantidades de diñeiro ou obxectos economicamente avaliables que permitan a súa transferencia entre os participantes, con independencia de que predomine o grao de habilidade ou a destreza daqueles, ou

CVE-DOG: mlumzwg6-x3p3-ygk6-c0o9-zfor1cvdzb81